

CEIP PENA DE FRANCIA

Tameiga - Mos nº24 XUÑO 2023



Revista escolar 2022-23



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Entroido



3 Anos A



3 Anos B



4 Anos A



4 Anos B



5 Anos A



5 Anos B



1º EP



SUMARIO

Editorial e sumario	1
Celebracións	2
Letras Galegas	10
9 meses 9 cancións	12
Certame literario	13
Intercambio correspondencia escolar	16
Proxectos centro	17
Aulas e actividades	27
Relixión	42
Entrevista a mestra Cris	43
Despedida 6º	44

EDITORIAL

Outro ano máis xa chegamos ao final do curso...e a revista que se fai na escola pretende amosar algúns dos momentos vividos , algúns dos traballos realizados polo alumnado...en fin , todo ese bagaxe de experiencias vitais de aprendizaxe que van construíndo o ser persoa do noso alumnado.

Por fin, neste curso chegou a normalidade ás nosas aulas... despois dunha dura experiencia pola pandemia, volveron as celebracións, as saídas escolares, as visitas ao noso centro de persoeiros relevantes...e sobretudo volveu o contacto social, poder xogar xuntos, traballar en equipo, COMPARTIR vida...

Damos as grazas a toda a comunidade educativa pola participación e interese amosados nas actividades nas que solicitamos a vosa colaboración.

Este curso que remata tamén é especial porque despedimos a **mestra Cris**, compañeira e amiga, que forma parte deste centro desde fai moitos anos e que formou a moitas xeracións de rapaces e rapazas de Mos. Sempre coa mesma ilusión e cariño...Noraboa pola túa xubilación!!!

Tamén queremos despedir con agarimo a todo o profesorado que nos acompañou este curso e que no próximo xa non estará. Moita sorte a todas vós nos próximos destinos. E ao alumnado de 6º E primaria desexarlle moito éxito na súa nova andaina.

Felices vacacións!

Celebraciones



SAMAIN



NADAL

Este ano escribimos ás nosas familias bonitas postais ...



e cantamos panxoliñas polas aulas



PAZ



Baixo a proposta do EDLG do centro elaboramos un decálogo pola paz nas aulas para despois redactar un conxunto de todo o centro.

Fixemos merendas compartidas.




MÓVOME POLA PAZ...

Ceip Plurilingüe Pena de Francia

- Cando nós cuidamos
- Cando eu axúdoche e ti axúdasme. Somos amigos.
- Cando trato ben as compañeiras e compañeiros. Son amable.
- Cando comparto e xogo cos demais.
- Cando me poño no lugar do outro con Empatía.
- Cando escoito as persoas e así comprendoas mellor.
- Cando solucionamos os conflitos, falando.
- Cando levanto a cabeza e miro o positivo.
- Cando somos un equipo e querémonos.
- Cando temos a Paz como base da nosa clase.
- Cando nos damos cariño e nós respectamos.
- Cando somos felices cos amigos e cas amigas.
- Cando sabemos pedir perdón ao cometer un erro.
- Cando imaxinamos un mundo novo.
- Cando non poño límites aos meus soños.






Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Día da poesía

Desde o EDLG realizouse unha proposta de crear poesías a través de sobres misteriosos que conteñan bonitas palabras. E tamén elaborar un acróstico, poema cas iniciais dos seus nomes.

Espectaculares traballos!





Día de Rosalía

AS MIL CARAS DE ROSALÍA pretende amosarnos a unha poliédrica e multidisciplinar muller: escritora, intelectual, feminista, galeguista, nai e MULLER...



PALABRAS

DESDE O EDLG PROPUXEMOS APRENDER O VOCABULARIO DAS ESTACIÓNS DO ANO DUN XEITO LÚDICO E CREATIVO





Os Maíos

ESTE CURSO O ALUMNADO DE 6º E PRIMARIA FOI ENCARGADO DE ELABORAR UN MAIO, NA QUE COLABORARON AS FAMILIAS APORTANDO TODOS OS ELEMENTOS PRECISOS PARA FACELO. O ALUMNADO DE 5º DE PRIMARIA ELABOROU UNHAS SIMPÁTICAS COPLAS SOBRE OS MAIOS... TODO UN ELOXIO A ENTRADA DA NOVA ESTACIÓN!



COPLAS DOS MAIOS






LETRAS GALEGAS

Francisco Fernández del Riego

Foi un dos grandes impulsores da lingua galega durante o século XX .

Fundador da editorial Galaxia e doutras grandes iniciativas culturais como a Biblioteca Penzol.É un dos artífices da celebración do Día das Letras Galegas



CELEBRACIÓN NA ESCOLA

Esta ano celebramos o día das Letras cun variado repertorio de actuacións e a participación de todo o alumnado do centro: Cancións , Poesías, dramatizacións...



4ºE I



5ºE I

EDUCACIÓN INFANTIL



6ºE I



ACTUACIONES LETRAS GALEGAS.

EDUCACIÓN PRIMARIA




1º E P



2º E P



3º E P



4º E P



5º E P



6º E P




9 MESES, 9 CANCIÓNS

Como cada curso, o **EDLG** propón unha cantiga galega cada mes para achegar a nosa lingua dun xeito lúdico e festivo.



Tamén levamos a cabo a **proposta de 21 días co galego** que tenta consolidar o emprego do galego nos ámbitos cotiás da escola.



Certame literario

02/03/23

"CALIGRAMA"

GALLEGOS / FOLLAS NOVAS / EN LAS ORILLAS DEL SAR / LA HIJA DEL MAR / LA FLOI / SEBASTIAVES / DE BASTABALES / 23 / de febreiro / Campastela

Ai Riños Aires

Rosalía de Castro 1837-1885

Santiago de

Uxia Rodríguez 6ºB

Letras son
Estrelas
Todas
Rapidas
Amor
Son elas

Galia
Amamos
Latidos no corazón
Eyrabilade
Galegos e galegas
Amar
Sons

Gracias
A todos
Lindunas
Inspiradevos
Cosa
Inspiridade
A todos os vosos corazóns

GALEGO

M... 4ºA

ENTRE NOSOTROS

DENTRO DO VIDEOXOGO AMONEU.

DOCE XOGADORES INTENTABAN DESECBUR AD ASESINO.

PERO O NUMERO DE XOGADORES IA DISMINUINDO

O CHAT IA PETAR

PERO AO FINAL CHEGARON A UN CONSENSO.

E ASI LIBRABONSE DO ASESINO.

Escrito e dibuxado por Uxia Fernandez 3

A agarimoso primavera

A xoaniña voa e pousase na árbore,
a xoaniña na primavera,
a xoaniña voa pola costa e pousase nunha rocha.

COGO MELO

O cogomelo quedou no outono,
o cogomelo quedou atrás,
o cogomelo comeuno o paxariño.

PRIMAVERA

A primavera está chea de flores,
a primavera está chea de ledicia,
a primavera está chea de chuvia.

Dagarimo é moi bonito,
o agarimo é moi tranquilo,
o agarimo é moi bo.

Canal, Lobbre, Delfe

"ACRÓSTICO"

- * Mirado expresiva con
- * Alegria emotiva
- * Rita comprensiva
- * Inia ato a ría
- * Ahozando a súa alegría
- * Beizos de cor rosado
- * Labo rosado
- * Atoles que miran a outro lado
- * Nancias respexiva
- * Corazóns sechados e
- * Ollas mercados

Unha xirafa diferente

Un día na loxanna sabana africana atopábase unha xirafa de cor chocolate e as demais xirafas ríense dela porque non tiña dúas cores, só tiña unha, o marrón chocolate. A xirafa chamábase Xoana. E un día cando mirou a luz do día apareceron unha brillante estrela fúgax e Xoana pedulle o desexo de ser como as outras xirafas. Ao día seguinte Xoana foi comendo ao lago para verse n reflexo de auga, pero seguiu igual, non cambiara nin un pouco. Ao día seguinte seguinte volveuse a ver, pero nada, seguiu igual.

Un día de camiño ao lago atopouse un... Lagarto amarelo
-Ola chámame Pancho, e ti? -dixo o lagarto.
-O chámame Xoana -dixo a xirafa un pouco triste.
-Que te pasa Xoana? -preguntoulle o lagarto Pancho.
-Que lle pedín un desexo a estrela fúgax e non se cumpliu. -dixo Xoana.
-Non pasa nada, eu son amarelo e así pódeme esconder, e ti cando vas comen o unha árbore poderíste esconder. -dixo Pancho.
-Pois non o pensei así, o único que eu quería era ser como as demais. -dixo Xoana.
Desde ese día Xoana aprendeu que ser diferente é máis bo do que pensamos e que ningún debe cambiar por ter a aprobación dos demais se non que tes que ser como eres e pasar día que din os demais. Xoana e Pancho fixéronse amigos e pasárono moi ben xuntas.

FIN

A miña Terra

• A miña lingua, miña terra, a lingua que sempre falei, a lingua que sempre falarei.

• Un bico que darei á terra, un bico que darei ao mar, e un bico que darei a miña nai.

• En vexa unha ferueza, a ferueza que sempre verei, e a ferueza que sempre beberei.

• A andoriña que eu vexo, a andoriña que verei, a andoriña que eu toquei.

Martín, Gabriela, Xago e Paula.

Xá chegou a primavera,
xá vos éo piar;
sobrevoadando as miñas hortas
sempre parando a picar.

Alguns na terra a cazar
miñocas e demais.
Outros amoredos e cereixas
para as crías alimentar.

Sempre que vos éo piar,
non me resisto a asubiar.
Asubío e asubío ata que
non me poda faltar.

Xá chegou a primavera,
xá naceron as flores e
xá estades aquí para
o meu corazón alegrar.
PAXAROS



HANUEL 6ºA

Un soño de Nadal

Este é o meu soño de Nadal.

Como todos e todas sabemos o Nadal é unha festa moi importante e eu teño un soño que aínda non se cumpre, o meu soño é que neve en Nos o lugar máis fermoso do planeta e con xente moi traballadora. Eu quero que neve para que unha tarde xurtemos toda a familia e xogar coa neve e facer un boneco de neve xigantesco e cando acabemos tomemos o chocolate con churros máis rico que probei eu, obviamente o da miña nai. Ese é o meu soño de Nadal, que para min é o máis especial de todos.

MELLOR REGALO É ESTAR
COA TUA FAMILIA.

Xiana Loureiro Vlla 5ºB

Lambendo un xeado e pensando

Intimamente como son

Amorosa ao mellor

Bailarina un montón



Lambona a borbotóns

A miña melena nunha coleta recollo


Non teño problema en levalo solto,

Cando quero bailar poñome música e a disrutar.

O meu nome se o queres saber as letras en maiúscula deberás ler.







Banda deseñada





INTERCAMBIO DE CORRESPONDENCIA ESCOLAR

Desde o EDLG propuxémoslle ao alumnado de 2º ciclo (3º e 4º EP) participar nun intercambio de correspondencia escolar co CEIP Canicouva de Vigo. Unha forma divertida de coñecer novos/as amigos/as e practicar a escritura dun xeito lúdico e divertido. Foi unha experiencia fantástica!!!






PROXECTO eTwinning

Neste curso seguimos a participar na plataforma eTwinning cun novo proxecto "Quest in Egypt" co alumnado de 6ºB.

Neste proxecto participa alumnado de 9 a 14 anos de 16 países.

O alumnado explora o Antigo Exipto a través de diferentes actividades, traballando en equipos transnacionais.

Algunhas das actividades feitas ata de agora: escribimos os nosos nomes en xeroglífico nun papiro e o nome do colexio emparellado, cada escola escribe sobre unha personaxe exipcia para despois facer un quiz, fixemos unha maqueta dunha construción exipcia, escribimos unha historia encadeada no que tivemos que ilustrar o capítulo doutro colexio e puxemos voz ao capítulo doutro colexio diferente.



Spain & Canada Weekly Questions



A EXPERIENCIA PIALE CONTINÚA ENTRE O FEATHERSTON DRIVE PUBLIC SCHOOL E O PENA DE FRANCIA

Marcos 4ºEP

O que máis me gustou foi coñecer aos nenos doutro país, onde falan inglés, contarlle as miñas causas e saber as delas.

Estar en contacto con eles axúdome moito no inglés, sobre todo pronunciar ben as palabras.

O que máis me chamou a atención foi que teñen dous recreos e que son do colexio ás catro menos cuarto da tarde.

OS ♥ NOSOS ✨
Amigos CANADIENSES

Todo empezou cando empezamos a coñecer nos e cada un de nós mandámonlle unha ou dúas cartas e logo eles fomos facendo preguntas e eles tomáronnos e fomos coñecendo os seus nomes, o seu colexio, os seus xeroglíficos, actividades extracurriculares... etc. A min gústome moito este proxecto porque coñecemos xente de outros países e facemos novas amizades. O que máis me impresionou dos seus nomes é que se hai -25º grados son igual ao recreo. O neno que contou conmigo chámase Rayson e gústalle os videoxogos.

Leire 4ºEP



Viaxe a Canadá




As nosas mestras de Inglés, Ángeles e Lucía, participaron este curso no programa de inmersión lingüística PIALE na cidade de Ottawa en Canadá.



O PIALE é un Programa Integral de Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras da Xunta de Galicia para a mellora da competencia lingüística e a integración no ensino e cultura dun país estranxeiro.

O 12 de outubro viaxaron a Canadá para convivir cunha familia de fala inglesa e para aprender o funcionamento dun colexio canadense durante as 4 semanas que durou a experiencia.




host family



schools





AS FAMILIAS
CONTAN
CON SABOR
A FROITA!!



PROXECTA 2022 2023

MÚSICA CON FROITA



CLASIFICACIÓNS



INVESTIGACIÓNS



CHUCHES



PLANTACIÓN DE
ÁRBORES FROITEIRAS
COA COMUNIDADE DE MONTES



CUMPLES
FROITEIROS



MERENDAS ESPECIAIS

Medio ambiente



Este curso participamos na 26ª edición do programa de educación ambiental da Voz de Galicia que desenvolve a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre en coordinación coas titorías e coordinacións do centro.

O seu obxectivo é concienciar na recuperación e defensa da natureza.

As actividades estiveron encamilladas o consumo sostible, uso eficiente dos recursos naturais, aforro enerxético...



TENIS DE MESA



BÁDMINTON



Proxecto de vida activa e deportiva
2 0 2 2



BÉISBOL

ATLETISMO EN PISTA

Neste curso académico 2022/2023 desde o departamento de orientación sendo conscientes de todo o que a pandemia nos roubou en termos de interacción social tan importante no desenvolvemento integral das persoas; quixemos dar prioridade a cohesión de grupo e o sentimento de pertenza á nosa comunidade educativa (alumnado, profesorado e por suposto, familia). Traballamos todos xuntos cun mesmo obxectivo, que non foi outro que a formación integral do noso alumnado; o que implica ofrecerlles ferramentas para a RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS propios da idade, vinculadas a: amizades, frustracións, angustias, ledicias, autoestima, rivalidades, envexas, pedir perdón e saber perdoar...



Situacións necesarias para traballar e desenvolver esas ferramentas e recursos que doutro xeito sería imposible poñelas en práctica. Tarefa nada fácil para ningún membro da comunidade educativa que o vai vivir de diferente xeito pero como adultos debemos acompañalos por esas experiencias e aprendizaxes da vida como guías da mesma, dando confianza e comprensión. Este traballo tan complexo que realiza o profesorado, ao cal lle dou as grazas, ás veces pasa desapercibido pola importancia que nalgúns casos se lle da ao currículo e aos exames. Porén, cando somos país/nais e nos preguntan "que queremos para as nosas crianzas? Realmente pensamos nas notas que van sacar no período escolar? o máis ben pensamos en que estean sans, sexan persoas educadas,



críticas, precavidas, xustas, solidarias, empáticas... En definitiva, que sexan BOAS PERSOAS e que sexan FELICES!

Pois ben, iso foi o que humildemente desde este departamento de orientación do CEIP PLURILINGÜE PENNA DE FRANCIA, a través do programa de intelixencia emocional e de habilidades sociais, intentou desenvolver nas vosas crianzas. A reflexión de "quen somos" e "como somos" a como queremos ser e como podemos mellorar, foi o lema deste curso. Quedando demostrado que son unha rapazada cun potencial extraordinario que hai que seguir formando e gozando delas porque todos/as somos únicos/as e temos moí que aportar neste mundo. Felices vacacións querida familia de Pena de Francia! Bicos!



BIBLIOTECA

ACTOS



Inauguración con MARÍA BASTOS




Acto do 25 N



8 M con SOLEDAD CASTRO

CLUBS
DE
LECTURA



PROPOSTAS

Impresora 3 D



Samaiñ



Para o día do 25 N

BIBLIOTECA

CONTACONTOS



ALUMNADO BIBLIOTECARIO



EBOOKS



BIBLIOTECA CREATIVA

STEAM



OBRADOIROS DE NOVAS TECNOLOXIAS CREATIVAS

PAOLA GUIMERÁNS
94.9504.1º CURSO

VIÑES 17 DE MARZO
9.55-10.45h. 2º CURSO
AULA DE INFORMÁTICA UN ORDENADOR POR PARELLA. Invocación en Scatch.

18.20-19.40h. 4º CURSO
NA BIBLIOTECA CEEAR PERSONAS ABRAZALETE OU POSTAL LUMINOSA


94.9504.1º CURSO
AULA DE INFORMÁTICA UN ORDENADOR POR PARELLA. Invocación en Scatch.

1º CURSO NA BIBLIOTECA
NA BIBLIOTECA CERCIUTOS ANALOXICOS DE PAPEL.

Organizado por a biblioteca e a escola. Con colaboración do departamento de informática da escola. Con colaboración do departamento de informática da escola.



PAOLA GUIMERANS



Impresora 3 D



Plantilla BEEBOT




STEAM

BIBLIOTECA CREATIVA

Traballos electrónicos



ESCORNABOT



Proxecto coa pantalla de croma



XOGOS



el

CREATIVIDADE



4º EDUCACIÓN INFANTIL
O circo de
Popó e León

ACRÓBATAS



EQUILIBRISTAS



ILUSIONISTAS



MALABARISTAS

★ LUCA ★ YOEL ★ + OEL ★ ent PHIEL ★ INÉS ★ ALEX ★

PROCESO DE GRAVACIÓN



★ NEREA ★

★ YOEL ★

★ LUCAS ★

★ VANI ★ PABLO ★

★ YOEL ★

★ AI + A ★

★ LUCA ★
★ ILIA ★
★ AITANA ★
★ ANA ★
★ (A) ★
★ LUARETH ★

★ CESAR ★
★ AITANA ★
★ FELIX ★
★ SOFIA ★
★ ENZO ★
★ MAXIMO ★
★ X D S ★






O CIRCO DE 4 ANOS A



O CIRCO 4 ANOS B



5 ANOS A



OS MELLORES MOMENTOS

6ºB DE EDUCACIÓN INFANTIL



FESTA DE FIN DE AÑO



O ENTROIDO



PICNIC



EXCURSIÓN "DONDE VIVEN LOS CUENTOS"

1º e 2º EP

Apípolis: excursión ó mundo das abellas.

O alumnado de primeiro ciclo fomos a Apípolis todos xuntos.

Alí aprendimos o importante que son para nós as abellas.

Fixemos distintos talleres nos que estivemos todos mesturados disfrutando e aprendendo ó mesmo tempo.

Visita á exposición.



Esta foi unha visita guiada onde puidemos ver a abella raíña en paneis xa preparados.



Visita ó apiario.



Aquí nos vestimos de apicultores e entramos ó apiario, alí abriron unha colmea e observamos algunhas das cousas que aprendimos durante a visita á exposición.

Produtos das abellas.



Ensinaronnos como se fai a extracción, coado e envasado do mel.


O mel envasouse en pequenos frascos que nos levamos a casa xunto cunha vela coa cera das abellas.



Taller de galletas.



Cociñamos unhas deliciosas galletas con mel que nos levamos para casa. Estaban boísimas!





Diversión na Illa das

1º e 2º EP

Esculturas



O alumnado de primeiro e segundo disfrutamos da Illa das Esculturas, que é unha das paisaxes máis representativas da cidade de Pontevedra. Atópase no río Lérez e foi declarada como Lugar de Importancia Comunitaria, que forma parte da Rede Natura 2000. É un espazo natural moi agradable para descansar, almorzar e xogar.




3º A

Este curso fomos magos,



poetas,



creadores de contos,



deportistas,



padriños e madriñas e viaxeiros. Visitamos o super. Lectores

É aínda nos queda moito que facer.


4^o

ESTE ANO...

- MÓNICA
- DANI
- CHARLOTTE
- ALDARA
- IZAN
- AINHOA C
- NAAMÁN
- LEIRE
- SOELKIS
- VALERIA
- ANA
- JOEL
- IKER
- LEYRE
- MARCOS
- AINHOA P
- XABIER
- ALICIA
- BRAIS
- NOA



BAILAMOS AO SON DA LINGUA
LEMBRA: É TÚA, PÁSAA!



FOMOS PROTAGONISTAS DUN
COMIC PARA PROMOVER UNHA
VIDA SAUDABLE



FOMOS VER O CIRCO DE NADAL E AO TEATRO!



COÑECIMOS AOS COMPOÑENTES DO
PROGRAMA DA RTVG DÍCOCHOEU



CELEBRAMOS O SAMAIÍN



FORMAMOS UN GRUPO MOI BONITO

APRENDENDO COA VIDA

5º E.P


O ALUMNADO DE 5º REMATA UN CURSO CHEO DE EXPERIENCIA VITAIS QUE NÓS AXUDOU NA NOSA APRENDIZAXE...

FIXEMOS INTERESANTES SAÍDAS :

O CASTRO DE PEREIRAS, A VIGO E O SEU MUSEO NATURNOVA E TAMÉN AO MUSEO E A CIDADE DE PONTEVEDRA.



RECIBIMOS VISITAS: MARÍA LEIRÓS E IRIA MISA



**FIXEMOS DE PADRIÑOS E MADRIÑAS
PARA A RAPAZADA MÁIS PEQUENA**


**DISFRUTAMOS DAS FESTAS E
CONMEMORACIÓNS ESCOLARES**



APRENDIMOS SOBRE SCRATCH



**E COMPARTIMOS TRABALLO
E DISFRUTE**



PLANTAMOS NO HORTO ESCOLAR





PADRÓN e SANTIAGO

6º A e 6º B

Foron moitas as actividades que fixemos ao longo deste noso último curso no Cole, pero como temos que escoller unha, aquí vai a mellor: a saída a Padrón e Santiago (porque durou todo o día e pasámolo xenial!)

A visita á Casa - Museo de Rosalía axudounos a coñecer máis de preto a súa vida e entender mellor a súa poesía.



Levabamos unha pequena guía e, como todo estaba moi ben explicado, foi interesante e divertido.

Na casa vimos mobles, libros, roupa, fotos, cadros e outras moitas cousas da familia de Rosalía.

Sentímolos moi cercana!



Despois marchamos a Santiago de Compostela.
Alí, seguindo as indicacións dun plano, fixemos un
roteiro.

Tñamos que fixarnos moito para completar o
cuestionario, xa que a cidade agocha moitos
segredos...



Por fin, na praza do
Obradoiro, fixemos a foto
onde peregrin@s rematan o
camiño e repuxemos forzas
neste inmenso restaurante.

Por último, visitamos a nosa xoa
máis coñecida, a catedral.



RELIXIÓN



Entrevista a

CARIS

Por que quixeches ser mestra? Pois a verdade é que non o sei. Sempre xogaba a selo...Estaría no meu ADN? O que si sei é que dende sempre o tiven claro.

Que materias prefires dar? Realmente gústanme todas, pero o meu compromiso diario é coa lingua galega.

A que cursos lle deches? Cal foi o teu preferido? Din Ed. Infantil, Ed. Especial, pero a maioría dos cursos foron en primaria de 1º a 6º. Non hai preferidos, cada un tivo o seu momento.

Porque defendes tanto o galego?

“Porque me sae de dentro, alá do fondo...” como dicía o poeta. Dóeme moitísimo que non amemos a nosa lingua, a nosa identidade como amamos as nosas festas, a nosa gastronomía...É algo moi serio, e un ser en perigo de extinción.

Cantos idiomas falas? Os dous oficiais é un pouquiño de francés pero o teño un pouco esquecido pola falta de práctica.

De pequena que querías ser de maior? E o conseguiches? O que son, así que conseguino. É o que lle desexo a todo o meu alumnado. Que poidan decidir o que queren facer na súa vida. Traballar no que che gusta fainos mellores persoas e máis felices.

Cambiarías algo deste cole? Melloraría o patio con máis árbores, plantas e sobre todo con máis xogos.

Cantos anos levas no cole? Cambiou moito? E o alumnado cambiou? Neste cole levo 25 cursos; decidín quedar aquí porque teño máis amigas e compañeiras.

Botarás de menos o cole? E ao alumnado? Supoño que si, a todo o que representa o cole, e ao alumnado moito porque é un reto que me mantén en forma.

Que vas facer na túa vida de xubilada? Moitas cousas que me gustan, sobre todo viaxar; tamén ler, reparar mobles, aprender a tocar a guitarra, perder o tempo...

Para rematar cóntanos algunha anécdota de todos estes anos. Moitas, sobre todo dos primeiros anos nos que todo nos facía gracia, e dos anos na unitaria do Cototorrón con Elisa, faría falta moito espazo para contalo.

O mellor é que disfrutei moito co traballo, coas compas/amigas e co alumnado.



Grazas a todos !!


Despedida de 6º

Este colexio non é só un colexio, é un lugar: veunos crecer, xogar, chorar, rir... Grazas a este lugar, por ser tan especial e importante, por formar unha etapa moi bonita na nosa vida que levamos na memoria para sempre. Todas as mestras son xeniais.

Imos batalar moito de menos. Neste cole aprendemos moito e fixemos moitos amigos/as.

Grazas por todo!

Sara, Alex, Uxia, Antía. 6ºA



O noso paso polo cole foi xeral, maravilloso, increíble e inolvidable. Xa levamos nove anos neste fermoso cole. Botaremos de menos a todas as mestras, que fixeron moito por nós. Tamén extrañaremos o patio, as nosas aulas...

Fixemos moitos traballos, actividades, excursións e bailes divertidos.

Danos moita pena deixar o cole no que levamos toda a nosa vida aprendendo, rindo, xogando... Pero non pasa nada, porque sabemos que o Instituto vai ser unha nova etapa chea de emocións.




Parece mentira, tanto amor ao colexio e non darnos conta de irnos ao instituto. Mézclanse moitos sentimentos, por unha banda alegría e curiosidade pola nova etapa da ESO e tristera pola despedida do colexio.

Sentimos que aquí queda un anacoño de nós! Nesta última etapa acompañamos a mestra Gis, queremos darlle as grazas polas risas ensinanzas e dedicación. Grazas por ofrecernos o mellor de ti!

Grazas as nosas familias por escoller este colexio, aquí encontramos os mellores mestras/as e compañeiros/as, cos que esperamos seguir mantendo estas amizades.

Ata sempre, Pena de Francia!

JOSE, MARTA, ARIADNA E Uxia 6ºB



9 anos xa! Aínda agora nos lembramos do primeiro día. Algúns choraban, por que non se decataban dos mellores anos da súa vida que tiñan por diante. Primeiro foi infantil con Vera e Elizabeth, no que xogabamos moito e non tiñamos preocupacións. Despois che-gou Primaria no que xa tiñamos exa-games e deberes. Agora estamos en 6º e xa queda pouco para entrar no instituto. De-nos pensar que deixaremos o colexio no que aprendemos moitas cousas e nos ensinaron a ser mellores persoas.

SEMPRE TE RECORDAREMOS PENA DE FRANCIA!!

LEIRE, EVAN, UNAI, NOÉ 6ºA

Handwritten signatures and names.

Estes 9 anos que levamos neste colexio foron moi especiais para nós. Este sitio foi o primeiro onde fixemos amigos, onde expresamos todos os nosos sentimentos, dende alegría ao enxada.

Só quedan 30 días para que remate o cole e marchemos ao instituto e aínda non hai ningunha palabra que exprese o que sentimos, pero sabemos que nunca esqueceremos ao "Pena de Francia". Ata sempre!

Manuel, Dennis, Sara e Claudia


Handwritten signatures.

O noso paso polo cole foi divertido, algunha vez aburrido e interesante. Neste tempo fomos facendo amigos/as. Aprendemos moitas cousas, e fixemos bastantes traballos grupais, excursións educativas, risetas... En informática aprendemos a programar e a facer presentacións. Tamén tomamos contacto cunha nova lingua, o Francés. Entre outros excitores, gustounos Iría Mira. Quedámonos una nova etapa, pero nunca olvidaremos os recordos do noso cole.

Rihana, Gorka, Nico

SOFÍA, RIHANA, GORKA, GAEL, NICO E MARCOS 6ºB

Handwritten signatures.





Entroido



FELIZ FUTURO !!!



**EVAN, SARAI, UXÍA, CLAUDIA, LEIRE, ANTÍA, ELISA, NOÉ
ESMERALDA, DENNÍS, SARA, UNAI, MANUEL, ÁLEX**



**MARCOS, CRIS, NICOLÁS, ANXO, FABIO, RIHANA, UXÍA, MARTA,
GAEL, ARIADNA, GORKA, LEIRE JOSE, LAURA, SOFÍA**